

INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA

CURSO 2021/2022

1. NORMATIVA APLICABLE

- **DECRETO 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. **DOG 26 de decembro 2012.**
- **ORDE do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. **DOG 15 de marzo 2013.**
- **ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. **DOG 1 de febreiro 2017.**
- Instrucións sobre o proceso de admisión da Dirección Xeral de Centros Consellería de Educación para o curso 2021/2022.

2. POSTOS ESCOLARES OFERTADOS

	PRAZAS ORDINARIAS	PRAZAS NEAE	PRAZAS TOTAIS
4º ED. INFANTIL (3 ANOS)	22	3	25
5º ED. INFANTIL (4 ANOS)	7	-	7
6º ED. INFANTIL (5 ANOS)	12	-	12
1º EDUCACIÓN PRIMARIA	0	0	0
2º EDUCACIÓN PRIMARIA	0	-	0
3º EDUCACIÓN PRIMARIA	4	-	4
4º EDUCACIÓN PRIMARIA	9	-	9
5º EDUCACIÓN PRIMARIA	17	-	17
6º EDUCACIÓN PRIMARIA	1	-	1

3. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN

O prazo de presentación de solicitudes de admisión é do **1 ao 22 de Marzo de 2021**

- Cada solicitante presentará **UNHA ÚNICA SOLICITUDE**, relacionando nela por orde de preferencia ata 6 centros nos que solicita praza. Tamén fará constar se desexa ou non utilizar o **comedor** e o **transporte escolar**.
- A solicitude entregárase **no centro que se solicite en primeiro lugar** ou mediante o formulario normalizado a través da **aplicación de xestión do proceso «admisionalumnado»** (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).
- A solicitude irá acompañada de:
 - **Fotocopia do DNI do alumno/a** ou da fotocopia do libro de familia no que apareza o mesmo.
 - No caso de **alumnos/as xa escolarizados documentación acreditativa** na que se indique **o curso no que se atopa durante o presente ano académico**.
- A presentación de **máis dunha solicitude** pode dar lugar á **perda dos dereitos**.
- A solicitude terá que estar **asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais**. No caso de **separación ou divorcio** será necesaria a **sinatura de ambas/os proxenitoras/es**, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, **será necesario presentar**, xunto coa solicitude de admisión, **a resolución xudicial** correspondente.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- As solicitudes **fóra de prazo** perderán o dereito de prioridade respecto ás entregas en prazo (Art. 34.1.a)

4. BAREMACIÓN

No caso de haber **máis solicitudes que prazas** procederase a baremar en función dos criterios establecidos na orde e no decreto que rexen este proceso de admisión do alumnado polo que os **documentos a achegar para acreditar ditos criterios** son os recollidos na **orde do 12 de marzo de 2013** (Sección 2ª Criterios xerais do baremo. Acreditación e valoración) e na súa modificación.

5. PUBLICACIÓN DOS LISTADOS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

5.1. LISTADOS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

As **listaxes provisionais** de persoas admitidas e non admitidas publicaranse antes do día **26 de abril**. Dita publicación realizarase **no centro e** na súa **páxina web**.

Poderase formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación. O Consello Escolar realizará a resolución das reclamación no prazo de 5 días hábiles.

5.2. LISTADOS DEFINITIVOS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS

As **listaxes definitivas** de persoas admitidas e non admitidas publicaranse antes do día **18 de maio**. Dita publicación realizarase **no centro e** na súa **páxina web**.

Poderase formular recursos de alzada ante as listas definitivas perante a Xefatura Territorial no prazo 1 mes a partir da publicación das listas definitivas.

6. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O prazo de **formalización da matrícula** é do **20 ao 30 de xuño**.

Documentación a entregar para a formalización da matrícula:

- Modelo Anexo III facilitado polo centro e que tamén se pode descargar na nosa web.
- Dúas fotografías tamaño carnet, co nome escrito por detrás.
- Documento de autorización ou non de utilización da imaxe do alumno/a.
- De ser o caso as **solicitudes de utilización do transporte e do comedor escolar**.

7. ÁREAS DE INFLUENCIA DO CENTRO

- Vilaxoán
- Renza
- Canelas
- Rial
- Ferrazo
- Faxilde
- Aralde
- Galáns
- Eiviño
- Parroquia de Sobradelo dende a rúa San Cibrán (incluída) cara Vilaxoán

8. ADSCRICIÓN

O noso centro ten adscrita a **unitaria de Aralde** e estamos adscritos ao **IES Armando Cotarelo Valledor**.

9. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

9.1. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS OFERTADOS POLO CENTRO

Os servizos complementarios ofertados polo centro son **Comedor e Transporte escolar**.

9.2. ACCESO AOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro escolar distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia delimitadas polas xefaturas territoriais, **non terá dereito a ningún dos servizos complementarios** establecidos pola Consellería.

Excepcionalmente, terán **dereito aos servizos complementarios as irmás e os irmáns do alumnado xa escolarizado no centro con carácter forzoso**.

9.3. NORMATIVA QUE REGULA OS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DO CENTRO

- Decreto 10/2007 do 25 de Xaneiro polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos.
- Orde de 13 de Xuño de 2008 polo que se regula a organización, funcionamento e xestión dos comedores escolares dos centros públicos.
- Instrucións sobre transporte e comedores que remite cada ano a Consellería.

10. PLANS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO E OUTRA INFORMACIÓN

- Xornada única
- Plan madrugá, sempre e cando haxa o número suficiente de alumnado que o demande
- Sección Bilingüe na Área de Artística: Plástica en 3º e 4º.
- Aulas Edixgal con libros dixitais e uso de ordenadores portátiles en 5º e 6º.
- Plan de bibliotecas escolares de Galicia
- Actividades complementarias (biblioteca) e actividades extraescolares organizadas pola ANPA.

Se queres coñeces máis o noso centro visita a nosa web

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvilaxoan/>